



## CONCURSO FOTOGRAFÍA MATEMÁTICA 23-24

Unha fotografía matemática é aquela cuxo contido está relacionado de forma clara e evidente, con algún aspecto das matemáticas: curvas, mosaicos, figuras xeométricas ou simétricas, numeracións, series, liñas, puntos, ángulos, fraccións... Na fotografía matemática debe existir intención por parte do autor/a de plasmar un concepto matemático. O título da imaxe será definitivo, xa que é onde quedará plasmada esa intención.

As imaxes poden obterse da Natureza (flores, follas, ...), da Arquitectura, da Escultura, do Deseño Gráfico, etc.

O concurso está aberto á comunidade educativa: alumnado, profesorado, familias, persoal non docente...



*Ilustración: Uxía Costas Trillo (4º ESO)*

## BASES

- 1 Cada participante poderá presentar un máximo de dúas fotografías.
- 2 As fotografías deben ser orixinais e de autoría propia e non se aceptarán fotos descargadas de Internet, nin escaneadas de ningún tipo de medio gráfico. Non se aceptará tampouco ningún tipo de retoque fotográfico que cambie o contido da mesma.
- 3 As fotografías deben respectar as seguintes características de formato:
  - So se admiten arquivos en formato .jpg
  - Os tamaños ou relacións de aspecto aceptadas son 16:9, 4:3 e 1:1.
- 4 Non se admitirán fotografías nas que apareza o nome do autor ou autora, a data ou o título da mesma.
- 5 Valorase o contido matemático, a orixinalidade, a calidade plástica a técnica da imaxe, e o **título** da fotografía.
- 6 As fotografías presentadas ao concurso poderán empregarse para fins didácticos. O centro educativo poderá expoñelas no recinto escolar e publicalas na web do centro ou divulgalas en RRSS.
- 7 A participación no concurso implica a aceptación das bases e do fallo do xurado.

## CATEGORÍAS

**Categoría 1.** Alumnado de 1º de ESO

**Categoría 2.** Alumnado de 2º e 3º de ESO

**Categoría 3.** Alumnado de 4º ESO e Bacharelato

**Categoría 4.** Familias do alumnado que participan no concurso.

**Categoría 5.** Profesorado e persoal non docente



## PRESENTACIÓN

- 1 As fotografías enviaranse cubrindo un formulario de Google.
- 2 No nome do arquivo debe figurar o nome do autor/a, tal e como se especifica no dito formulario.
- 3 No caso de participar con máis dunha fotografía ou se participa a familia, cubrirase un formulario para cada fotografía.

Para facilitar o envío, na aula virtual “FOTOGRAFÍA MATEMÁTICA” están os enlaces correspondentes a cada categoría.

As fotografías que non se presenten en forma e prazo non participaran no concurso

## PRAZO DE PRESENTACIÓN

Ata o día 28 de abril. As fotografías enviadas posteriormente non entrarán no concurso.

## XURADO

O xurado estará formado por profesorado dos Departamentos de Matemáticas, Artes Plásticas e Bioloxía e Xeoloxía; polo alumnado integrante do consello escolar e polos representantes da ANPA.

## PREMIOS

Obterá premio o gañador/a de cada unha das categorías.

Os alumnos/as premiados recibiran xogos de lóxica matemática e a familia premiada unha invitación a un almuerzo no concello de Culleredo.

O xurado pode estimar deixar deserta algunha das categorías no caso de que as fotografías participantes non teñan a calidade requirida.

Unha vez pechado o prazo de presentación, ofrecerase información máis detallada sobre os premios a través da aula virtual FOTOGRAFÍA MATEMÁTICA.